

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 16.05.2019

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de maio de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 31242 (10/POC-007804)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre copia do informe da consultora "HINTD" relativo á necesidade de reorganización dos recursos e de redución da dimensión do cadro de persoal da antiga Sogarisa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 23.04.2019
- 1.2 47338 (10/POC-007522)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 5 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto das actuacións que está a levar a cabo no concello de Mondoñedo a empresa promotora do proxecto de ampliación do parque eólico de Sasdónigas, así como a súa incidencia no Camiño do Norte a Santiago de Compostela, na celebración do Ano Xacobeo 2021 e no patrimonio arqueolóxico da zona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019
- 1.3 48290 (10/POC-007678)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a data e as razóns da redución da capacidade de aloxamento do albergue público de peregrinos do concello de Betanzos, o prazo previsto para a súa recuperación e a súa situación actual
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019
- 1.4 49130 (10/POC-007775)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 23.04.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

49408 (10/PNC-004002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego de actuacións de promoción
do uso da madeira na construción dirixidas aos profesionais, promotores e
usuarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 31242(10/POC-007804)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre copia do informe da consultora "HINTD" relativo á
necesidade de reorganización dos recursos e de redución da
dimensión do cadro de persoal da antiga Sogarisa

Publicación da iniciativa, 465, 23.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:12
Nº Rexistro: 31242
Data envío: 22/05/2018 17:12:12.531



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sr. presidente:

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, solicita á Xunta de Galicia, a través desa Presidencia, a seguinte petición de documentación.

O Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia (CTRIG) e as súas instalacións son de titularidade pública. Dende finais de decembro de 2016, está sendo xestionado -despois dun procedemento público de adxudicación- pola a UTE de empresas “PMA-Conteco” (Sogarisa).

O artigo 4.1 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno de Galicia establece que todas as persoas físicas ou xurídicas distintas das indicadas no artigo 3.1, que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, estarán obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 á que estean vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas neste título.

E por iso que a deputada e os deputados que asinan solicitan copia do informe da consultora “HINTD”, relativo á necesidade de reorganización dos recursos e de redución da dimensión do cadro de persoal da antiga Sogarisa.

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:12
Nº Rexistro: 31242
Data envío: 22/05/2018 17:12:12.531



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/05/2018 17:11:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/05/2018 17:11:26

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/05/2018 17:11:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/05/2018 17:11:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 47338(10/POC-007522)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto das actuacións que está a levar a cabo no concello de Mondoñedo a empresa promotora do proxecto de ampliación do parque eólico de Sasdónigas, así como a súa incidencia no Camiño do Norte a Santiago de Compostela, na celebración do Ano Xacobeo 2021 e no patrimonio arqueolóxico da zona

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez e Anxeles Cuña Bóveda, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6.^a**

A Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia, o 6 de febreiro de 2012, a través dunha resolución, do 15 de decembro de 2011, o sometemento a información pública a autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública, inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica, aprobación do estudo de impacto ambiental, e do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, das instalacións relativas ao parque eólico Sasdónigas, fase II (Expediente LU-11/125-EOL) promovido por NORVENTO.

Este parque eólico no concello de Mondoñedo, que é un só, inda que dividido en dúas fases, volve, como xa fixo a Mina de Touro, a afectar a un ben patrimonio cultural, segundo a Lei 5/2016 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, ademais declarado Patrimonio da Humanidade desde o ano 2015, como é o Camiño do Norte do Camiño de Santiago.

O parque eólico mal chamado Sasdónigas, provocou desfeitas no trazado do Camiño do Norte, que ademais xa provocara as mobilizacións da veciñanza cando as obras dos viais e os aeroxeradores, empezaran no mes de outubro, sen resolverse os recursos de alzada que se interpuxeran contra o mesmo. De feito constan denuncias realizadas ante a Fiscalía Provincial de Lugo do mes de febreiro de 2019, e ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, na Xefatura Territorial da Delegación de Lugo nas que se constata a realización de traballos sen permiso por parte da empresa Norvento e





sen a presenza das persoas afectadas e das autoridades municipais no levantamento de actas previas á ocupación. Estes traballos de delimitación, con colocación de estacas nas fincas fixéronse sen contar cos medios, permisos, e a presenza das persoas afectadas, e sen identificación das persoas actuantes en representación da empresa, e coa convivencia cos representantes da Administración autonómica, que deberían velar polo cumprimento estrito da legalidade vixente e do procedemento administrativo e que tampouco fixeron nada para salvagardar os dereitos de todas as partes implicadas.

A Xunta inda non resolvera estes recursos de alzada, que paralizan a vía administrativa, inda que non polo visto as máquinas, que mandadas poden facer o que lles dea a gana co beneplácito das autoridades, Xunta e Concello, e este último ademais non pode dar licencia de obras mentres estes recursos pendan de resolución segundo a Lei de Expropiación Forzosa.

A veciñanza requiriu a presenza da Garda Civil e dos Servizos de protección da Natureza- SEPRONA- por entender que non tiñan os permisos necesarios para comezar as obras, e menos sen terse comunicado á veciñanza, autoridades, persoas propietarias das parcelas afectadas, presidencia dos MVMC, etc..

A denuncia deu lugar ás dilixencias previas do procedemento abreviado 406/2018 na que se solicitaba un informe dos feitos ao SEPRONA, e que se remitiron despois de realizado ao xulgado de Instancia e Instrución nº 1 de Mondoñedo.

A empresa promotora do eólico, Norvento, apegouse as condicións do Convenio Doing Business, que ofrece vantaxes fiscais ás empresas que se asentan en determinados concellos (que teñen que estar adscritos a este convenio e que tamén reporta vantaxes para eles), sempre e cando se creen determinados postos de traballo. Evidentemente estes postos teñen que ter relevancia, e ser duradeiros, se estamos a falar de contratos parciais e de duración determinada, para as





empresas é moi fácil esta creación, sen que se fiscalice realmente se estamos a falar de creación de emprego de calidade.

A Xunta mentres aprobaba un plan para a mellora do Camiño de Santiago, no ámbito daqueles proxectos e actuacións e promocións a levar a cabo antes da cita do Xacobeo 2021.

As afectacións ao Camiño Norte son evidentes, á vista das fotografías que se recollen.



Vemos xusto nesta imaxe un indicador do Camiño, co que a desfeita xa está consumada, no que a paisaxismo respecta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de EN MAREA presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a

1.- Sabe a Xunta a desfeita que a empresa Norvento leva a cabo no Concello de Mondoñedo? Por que autorizou a Xunta un eólico en pleno paso polo Camiño do Norte? Non chegaba co parque eólico que xa estaba feito?

2.- É coñecedora a Xunta que isto supón un grave problema de cara a celebración do Xacobeo no 2021?





3.- Que medidas vai tomar a Xunta en relación á empresa? Considera a Xunta a posibilidade de facer unha vía alternativa para mellorar a seguridade das peregrinas/os ao seu paso polo tramo afectado? De estar feita xa, por onde discorre?

4.- É coñecedora a Xunta dos restos arqueolóxicos atopados no Castra Aestiva? Fíxose polos organismos encargados da Xunta de Galicia algunha intervención arqueolóxica máis no xacemento GA27030035? Comunicouse ao Consello da Cultura de Galicia a existencia destes restos?

5.- É coñecedora a Comisión Técnica de Arqueoloxía da existencia destes restos? Solicitouse á Xunta algún permiso para realizar escavacións? De ser así cales foron os resultados do mesmo? Foi a Xunta quen levou a cabo as actuacións neste xacemento, ou algún consello asesor da mesma autorizou ou interveu nas mesmas? Participaron as universidades do SUG?

6.- Que medidas vai tomar a Xunta para garantir que non se dea unha destrución inmediata do xacemento segundo o indicado no artigo 98 da Lei 5/2016? Que intervencións a estes efectos levou a Consellería de Cultura ou vai levar para preservar o xacemento?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luca Chao Pérez

Anxeles Cuña Bóveda

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:59:22
Nº Rexistro: 47338
Data envío: 06/03/2019 11:59:22.051



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 11:53:35

Francisco Casal Vidal na data 06/03/2019 11:53:44

David Rodríguez Estévez na data 06/03/2019 11:53:51

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2019 11:53:56

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/03/2019 11:53:59

Luca Chao Pérez na data 06/03/2019 11:54:06

CSX: Nds:OCIX151
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 48290(10/POC-007678)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a data e as razóns da redución da capacidade de aloxamento do albergue público de peregrinos do concello de Betanzos, o prazo previsto para a súa recuperación e a súa situación actual

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O Camiño Inglés ou Camiño dos ingleses é o Camiño de Santiago que ten a súa orixe en Ferrol ou na Coruña. Foi a ruta medieval de peregrinación dos devotos ingleses e doutros lugares do norte de Europa, os cales chegaban en barco aos portos destas cidades e fan por terra ata Santiago.

O Camiño Inglés conta con dúas alternativas, o itinerario desde A Coruña, con 74,7 Km, e desde Ferrol, con 118,7 km; estes dous itinerarios xúntanse á metade de camiño na localidade de Bruma, no concello de Mesía, desde onde continúan xuntos nos últimos 40 km ata Santiago de Compostela.

Na actualidade existe unha rede pública de albergues do Camiño de Santiago en Galicia, entre os que se atopa o albergue público do concello de Betanzos que desde hai varias semanas as instalacións atópanse pendentes da realización de obras nos aseos. Obras que fan que se reduza de 35 prazas ata só 6 prazas ás que se poden atender.

O camiño inglés aumenta a bo ritmo o número de peregrinos cada ano, aínda que lonxe da masificación doutros. Pero cara á proximidade da Semana Santa ao concello de Betanzos preocúpalle a situación que está a sufrir o albergue público.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Desde que data, tivo que reducir a súa capacidade de aloxamento o albergue público do concello de Betanzos, cal foi o motivo?

2ª) Cal é a situación actual na que se atopa o albergue público do concello de Betanzos?

3ª) Cal é o prazo para que o albergue público do concello de Betanzos recupere a súa capacidade de aloxamento?

Pazo do Parlamento 28 de marzo de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 18:13:41
Nº Registro: 48290
Data envío: 28/03/2019 18:13:41.225

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/03/2019 18:09:22

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2019 18:09:51

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/03/2019 18:09:59

CSV CVIón: TGK6
Validado
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 49130(10/POC-007775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras

Publicación da iniciativa, 465, 23.04.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:27:43
Nº Rexistro: 49130
Data envío: 12/04/2019 13:27:43.372

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á previsíbel deslocalización de postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras para Salamanca.

Recentemente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento dunha serie de inxedanzas relativas á previsíbel deslocalización de postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras, acontecementos diante dos que urxe tomar posición.

Na segunda semana de abril coñeceuse que Iberdrola quere pechar o seu centro de control da Rúa, trasladando esas tarefas e responsabilidades a Salamanca, algo que a empresa cualifica de “reorganización” malia supoñer a destrución de 16 postos de traballo nunha parte do país que ten importantes problemas de despoboamento e desemprego.

Esta situación é inaceptable se temos en conta que esta empresa, como tantas outras do sector enerxético, explotan os nosos recursos naturais e esquilman os nosos ríos e polo tanto é esixible o compromiso de manter o xa reducido número de postos de traballo que xeran no territorio nunha comarca marcada pola produción hidráulica xa desde Saltos do Sil, cun importante custo ambiental.



CSM-REXISTRO:FOHKnXewQan6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:27:43
Nº Rexistro: 49130
Data envío: 12/04/2019 13:27:43.372

Así mesmo, cómpre recordar que Iberdrola superou no ano 2018 por primeira vez os 3.000 millóns de euros de beneficio neto, cun crecemento do 7,5% no 2018 polo que non tería dificultades económicas que impediran manter as oficinas na rúa.

Desde o Concello da Rúa consideran que se trata de deslocalización de Iberdrola no seu concello en primeiro lugar e da comarca de Valdeorras, en segundo lugar, e os grupos de BNG e PSOE presentaron unha moción conxunta. Así mesmo, tamén o concello de Petín se manifestou como contrario e preocupado por estes feitos. É preciso que esa preocupación e compromiso impliquen tamén á Xunta de Galiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola en Valdeorras a Salamanca?

-Coñece esta situación o goberno galego? Como a valora?

-Dirixiuse o goberno galego a Iberdrola para tratar esta cuestión? Con que resultado?

-Ten colaborado cos concellos afectados?

-Esixirá o goberno galego nas súas concesións públicas o mantemento de postos de traballo no noso país? Con que formulación?

-Como avalúa o impacto económico e social en Valdeorras da progresiva transformación desde Saltos do Sil? Que balance fai dos resultados do esquilme dos nosos recursos naturais?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:27:43
Nº Registro: 49130
Data envío: 12/04/2019 13:27:43.372

-Considera o goberno galego que esta política enerxética e económica favorecida polo seu goberno é positiva para o progreso da comarca de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2019 13:24:40

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2019 13:24:45

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2019 13:24:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2019 13:24:48





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:27:43
Nº Registro: 49130
Data envío: 12/04/2019 13:27:43.372

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2019 13:24:49

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2019 13:24:51

CSX: FEYJSTROHk: XevvQar6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 49408(10/PNC-004002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego de actuacións de promoción do uso da madeira na construción dirixidas aos profesionais, promotores e usuarios

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:45:00
Nº Rexistro: 49408
Data envío: 24/04/2019 16:45:00.081

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Os Estatutos da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) recolle entre os seus obxectivos impulsar a innovación e o deseño de novos produtos que completen e fortalezan a cadea de valor a madeira na nosa comunidade, entre elas a procura de solucións estruturais verdes que contribúan á mellora do medio ambiente, consolidando tamén sectores emerxentes como o contract.

Neste contexto, cómpre mencionar que en virtude da colaboración establecida coa Plataforma de Enxeñaría da Madeira Estrutural da Universidade de Santiago de Compostela, estase a desenvolver un curso de execución de construción de madeira contralaminada, así como diferentes xornadas de coñecemento.

Tamén a sinatura dun convenio entre a Axencia Galega da Industria Forestal, a Universidade de Vigo e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, para promover a utilización da madeira e da pedra natural nas infraestruturas desta institución.

CSM-REXISTRO00ASdYpuEV6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:45:00
Nº Registro: 49408
Data envío: 24/04/2019 16:45:00.081

No Grupo Parlamentario Popular de Galicia valoramos positivamente estes e outros avances acadados nun sector estratéxico para a economía e o emprego de Galicia, como pon de manifesto as máis de 70.000 persoas que actualmente traballan na cadea de valor forestal, que ademais representa case o 1,8% do PIB galego. Con todo, consideramos que proceden dar novos pasos na promoción da madeira por ser máis eficiente enerxicamente, máis comfortable subxectivamente para o usuario e por ser máis sustentable desde o punto de vista medio ambiental.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que poña en marcha accións de promoción do uso da madeira en construción dirixidas a profesionais, promotores e usuarios que contribúan a difundir as vantaxes do seu emprego permitindo a valorización dos produtos da industria forestal galega”.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/04/2019 16:28:29

Maria Antón Vilasánchez na data 24/04/2019 16:28:44

Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/04/2019 16:29:16

Moisés Blanco Paradelo na data 24/04/2019 16:29:24

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/04/2019 16:29:52



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:45:00
Nº Rexistro: 49408
Data envío: 24/04/2019 16:45:00.081**

Marta Novoa Iglesias na data 24/04/2019 16:29:59

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/04/2019 16:30:08

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/04/2019 16:30:19



CSX: REXISTRODAS/PP/EV8

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com